

**O FESTICLOWN PARTÍA O DÍA 26 DE XULLO CARA PALESTINA DA MAN DE  
PAYASOS SIN FRONTERAS**

O venres, 26 de xullo, ás 9.30 hrs partía cara Palestina a Expedición de pallasos pola Paz, desde Barcelona a Tel-Aviv e despois a Xerusalén para iniciar a misión de paz organizada por Payasos sin Fronteras e financiada polo Festiclown.

Unha vez máis a risa comprometida e solidaria leva a cabo unha acción a favor dos máis desfavorecidos. De novo o Fondoclown solidario do Festiclown intervíaa prol da solidariedade e da xustiza no mundo.

A misión foi **financiada integramente o Festival internacional de clown de Galicia**, que ante o éxito de público da edición de este ano do Festival ( celebrada do 15 ao 21 de xullo na cidade de Pontevedra) decidiu incrementar a contribución económica prevista para **cubrir a totalidade do gasto** que supuxo a presenza a expedición en Palestina, é dicir un millón e medio de pesetas.

Iván Prado ( director do Festiclown ), Jöns Pappila ( membro da organización do Festiclown) e Mikio Tsunekawa ( Payasos sin Fronteras) foron os integrantes desta expedición, organizada por Payasos sin Fronteras en colaboración co Asemblea de Cooperación pola paz e co soporte local da Media lúa vermella Palestina.

Hoxe máis que nunca demóstrase como os pallasos non só serven para facer rir senón que traballan en contra da guerra e das inxustizas.

Luns , 29 de xullo 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

### **A COMUNIDADE DA PALABRA**

**Entre o mar e o deserto, na rexión da pobreza e as fortunas, un pobo camiña, baixo as bombas e as inxustizas, o traxecto que transforma a esperanza e a palabra en futuro....**

Chegar a Palestina , por avión, é como entrar nunha especie de estudio de gravación de Gran hermano e Blade runner. Unha maleta abandonada 30 seg. no sacro santo espacio terreal do aeroporto Tel- aviv, e catorce maniqueas convértense en actores dunha acción policial, dificilmente asimilables para un europeo de nova fornada. Pero estamos no estado de sitio israelí, no estado deseñado para os xudeus amigos de poder, das armas e do diñeiro, lamentablemente esto non é un filme, esto é Palestina.

O día da nosa chegada agardábanos unha personaxe, como saída dalgunha novela de Pepe Carballo, que responde ao nome de Khalil e que será o noso guía case espiritual durante a nosa estadía no país de nunca xamais. khalil é un palestino nado en Madrid e seguidor do Real, que como moitos outros atenderon á chamada de serea dos acordos de Oslo, crendo que o conflito estaba para a súa resolución.

Pero voltou ao país dos seus antepasados para atoparse, seis anos despois, negociando nos Check points a entrada de ONG's e equipos de televisión nas zonas ocupadas antes de que o toque de queda se faga definitivo.

Coma el atópase toda unha comunidade que para na estrada para subir ao coche a unha anciá, ou que conversa, ou se saúda, se bica e se toca en calquera semáforo , esquina ou lugar, un pobo que fai da palabra a ponte que transitar cara un futuro novo, menos violento e egoísta, e, coma todos, pregúntase como é posible que o novo holocausto o provoquen os mesmos que o padeceron cincuenta anos atrás.

O conflito de Palestina, non é só o conflito dun pobo de tres millóns de persoas, é a loita da razón contra o poder do máis forte, é a confrontación entre os dereitos históricos dun pobo contra a capacidade de destrucción tecnolóxica e militar ao servizo do diñeiro.

Hoxe, xerusalén é a metáfora do conflito palestino-israelí, unha cidade imprescindible para a historia das tres grandes relixións , reducida a expresión do control e apartheid exercido polos revanchistas xudeus que non teñen ningún reparo en trasladar o gueto de Varsovia ao centro histórico máis significativo da cultura universal.

Hoxe os perseguidos falan árabe e a voz que se agocha baixo os cascos e tras as baionetas, outrora alemán , hoxe sona a hebreo.

Pero de seguro que a palabra dos débiles vencerá os muros das inxustizas para que a historia, que é un mar, alcance as praias da liberdade.

***Palestina coa súa palabra vencerá.***

## MISIÓN DE PAZ EN PALESTINA

Martes, 30 de xullo 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

Os obradoiros que prevíamos impartir en Ramallah suspéndense temporalmente ata novo aviso de levantamento do toque de queda, a entrada nesta cidade é imposible agora mesmo.

Desde que chegamos aquí, os membros da expedición, atopámonos con múltiples problemas para impartir os obradoiros. Por unha banda a dificultade para acceder as distintas zonas, e por outra a imposibilidade de chegar a tempo aos lugares debido á presión e os controis do exército israelí.

Actualmente estamos inmersos nun estado de sitio, baixo un toque de queda arbitrario. Os israelitas establecen Check points en todos os lugares, co que se fai moi difícil a saída e a mobilidade dentro de territorio palestino. Vívense momentos de grande tensión ante a posibilidade eminente dun forte atentado.

Os check points representan a forma máis cruel de controlar o tránsito libre, atentando así contra a dignidade do pobo palestino. En moitas ocasións a poboación ten que pasar máis de catro horas, incluso días completos, nos Check Points.

A maioría perden o seu traballo, dado que non poden acceder ás cidades nas que traballan.

Onte mesmo, os membros da Caravana vímos como maltrataban e se burlaban unha anciá nun check point, ou como non deixaban pasar ambulancias. A situación é moi tensa agora en xerusalén, na mente de todos está que Hamás ou algún grupo da Yihad islámica está a preparar un grande atentado en Xerusalén, os israelitas teñen medo, e os palestinos pagan as consecuencias, esto é unha espiral do terror.

Martes , 30 de xullo 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

### **EN KORBAK HAI UNHA ESPERANZA**

Tras ter que cambiar todos os plans de obradoiros para os monitores e os rapazes dos campos de paz en Ramallah, Gemma, unha madrileña activa e dinámica, da Asemblea de Cooperación para a paz, buscou outra vila na que actuar, e tamén gracias a Esperanza, unha palestina-colombiana, inmersa no proceso de dinamización cultural e emocional de Kubak foi posible actuar neste lugar.

Na vila na que naceu BARGHUTI, actuamos baixo as ruínas dunha edificación abandonada, metáfora do presente e o futuro palestino, para douscentos palestinos que sen alcanzar os trece anos xa coñecen os licores do odio.

Esperanza explicábanos que hoxe por hoxe os nenos querían escapar a outros países, e de seguro que a nosa presenza lles axudaba a esquecerse da súa realidade diaria, porque para eles era unha fiestra a outro mundo, un mundo con futuro. Así o puidemos comprobar cando un neno se achegou a min e pedíume que o levara a España. Antes, outro díxerame con voz rancorosa e a través do intérprete: **Ariel Sharon está exterminando ao pobo palestino , e os países europeos no fan nada.**

Por fin, este neno comprendeu, a través do discurso que encerran sempre as nosas actuacións, que non están sós, que vimos de moitas partes do mundo para demostrarlle ao pobo palestino que non está con el , e que a súa causa é xusta.

Pola tarde Esperanza acolleunos na súa casa para demostrarnos coas súas palabras que aínda hai futuro en Palestina “ **Yo tengo pasaporte colombiano, pero no hago uso del porque soy palestina y quiero vivir los problemas de nuestro pueblo, porque los que estos cabrones no entienden es que el sentimiento palestino no se acaba ni con hambre ni con tanques, llevo seis meses sin trabajo, estoy jodida ,pero ahora me dedico a construir cometas con los niños”**

Mércores , 31 de xullo 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

### **HEBRÓN A NOSA MELLOR FUNCIÓN**

Martes, 30 de xullo de 2002, día de resposta violenta ao sanguinario facer do novo Hitler do 2002, Ariel Saharón. Actuamos nos arrabaldes de Hebrón, cidade asediada e baixo o toque de queda, eso significa que os nenos do centro da Media Lúa Vermella , tiveron que saír a escondidas ou facer camiñadas de varios Quilómetros para poder gozar dun campamento de paz no que evadirse desta guerra de canóns e pedra..

Por fin, despois de atravesar chek points, cemento e militares xudeus, chegamos cun atraso dunha hora ao Centro da Media Lúa , onde nos esperaban douscentos nenos e nenas, algúns con minusvalías psíquicas, pero cunha ilusión desbordante que fixo que interrompéramos varias veces o espectáculo.

**Despois de cincuenta minutos de risa e berros palestinos, eu, no nome de toda a caravana, e gracias a un intérprete e un monitor dos centros, pedínlles que colaborasen con nós para pechar o espectáculo. Explíquelles que debido ao sorpresivo, pero, sobre todo, abusivo e arbitrario toque de queda de Ramallah non tiñamos equipo de música, xa que quedara (como o resto da poboación) secuestrado alí, daquela precisabamos que cantaran para nós mentres facíamos un número de acrobacias con Mikio, de seguido os nenos e as nenas comezaron a cantar unha canción titulada “ O pobo palestino non é terrorista”.**

Cando rematamos o espectáculo despois de simular, coa participación de todo o público, o envío dun foguete á lúa para que os pobos do mundo saiban que Palestina vencerá, todos os nenos querían abrazarnos e subir ao noso colo.

Un rapaz duns catorce anos achegouse e agradeceunos en francés a nosa presenza. Segundo el, a presión que sufrían a diario non lles permitía gozar do espectáculo, pero que recibira de corazón a mensaxe de solidariedade , xa que eran moitas as veces que pensaban que estaban sos ante o xenocidio que padecían.

Nese momento recordei as palabras da meu avó cando me falaba da sensación de frustración que padecían os republicanos na guerra civil ante a pasividade da comunidade internacional.

De volta á Xerusalén, unha vez máis, mulleres e nenos aproveitaron a nosa camioneta para chegar ao centro, a nosa camioneta leva internacionais e as siglas t.v., por unha vez a t.v. serviu para algo.

## MISIÓN DE PAZ EN PALESTINA

Mércores , 31 de xullo 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

Estamos ben, pero o toque de queda en todas as vilas palestinas non nos permite programar o noso traballo.

Onte puidemos intervir en Hebrón e despois tivemos unha recepción oficial en Ramallah co presidente da Media Lúa vermella. Cando quixemos saír dentro dunha ambulancia, despois de telo negociado telefonicamente co tenente responsable do Check Point de Calandía, outro Check point, neste caso móbil, interceptounos e impediunos regresar. Maltratáronnos verbal e fisicamente e o conductor da ambulancia foi lesionado cun culatazo. Os soldados israelís parecen do Terceiro Reich.

Hoxe improvisamos uns obradoiros de acrobacias nun campo de Paz en Ramallah, pero como pasa día a día tivemos que suspendelo por seguridade, nesta ocasión motivado polo atentado na Universidade.

Agora estamos en Xerusalén despois de cruzar "a toda ostia" os Check points e antes de que pecharan a cal e canto a cidade.

Estamos programando unha intervención na franxa de Gaza, pero agora mesmo non sabemos nin sequera como acceder, probablemente o fagamos clandestinamente.

Venres , 2 de agosto 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

### **ARURA, A ESPERA PAGOU A PENA**

#### **ARURA (Ramallah Leste)**

Con dúas horas de atraso chegamos onte a unha poboación na que tiñamos programada unha actuación solidaria. O atraso debeuse unha vez máis ao bo facer das escavadoras israelitas que conseguen converter un desprazamento de vintecinco minutos desde Ramallah nun labirinto interminábel de tres horas.

No momento de saír cara Arura non éramos conscientes diso, de que a xeografía palestina muda cada hora como se se tratara dun programa de deseño virtual como o 3D Max, a diferenza é que nos deseños por ordenador non vive xente e aquí si.

Cando chegamos, cansos pola viaxe, atafegados por non ter conseguido comunicar con ninguén da organización para avisar do atraso, atopámonos cun edificio escolar baleiro e con pegadas imborrables da presenza dos tanques xudeus . Os nenos xa desaloxaran o espacio debido a longa espera.

Aínda non nos dera tempo a lairnos da desgracias de deixar a douscentos nenos e nenas sen a nosa humilde actuación e xa estaba alí o persoal da organización local para pedirnos perdón por non ter agardado máis de dúas horas . Por suposto, nós desfixémonos en desculpas, explicacións..., pero de seguido, cando nos demos conta un exercito infantil, convocados boca a boca, rodeábanos e reclamaba a nosa atención.

Coma bos europeos comezamos a programar coa xente local unha nova cita, pero foi tal o torrente humano, que non nos cabía a menor dúbida de que tiñamos que actuar de inmediato para o auditorio paciente, que dúas horas antes se congregara nese espacio, e como o espectáculo debe continuar...

Comezamos a nosa actuación despois de prepararnos aínda conmocionados pola resposta dese pobo combativo, quizáis foi precisamente isto o que fixo que realizáramos a nosa mellor función desde a óptica teatral.

Cando todo rematou , as mulleres da vila dixéronnos que facía moito tempo que os nenos e as nenas non rían. Sentimos unha admiración e un agradecemento moi grande por todos esa npequena senté que nos esperaran dúas horas na calor, tanto que un dos integrantes da expedición , nun momento de relax, deixou brotar montes de bagoas do seu interior

A escena da xente achegándose a nós cando remata a intervención é algo que se repite cada día ( fotos abrazos, preguntas...). Esta vez recibimos o saúdo de alguén particular, o médico da aldea. Era un home formado na Universidade de Zaragoza nos anos da transición . El explicounos os motivos que nos levaran a atrasarnos tanto e incluso nos indicou un mellor camiño para a volta. Contounos tamén que el practicamente nunca ía a Ramallah, porque aínda que antes eran vinte minutos cegar alí, agora podía levar ao redor dun día, dado que os camiños están cortados polos israelitas e os seus check point.

Tamén nos explicou que na escola na que actuáranos el ten a súa consulta, que no mes pasado estivera ocupada polos militares xudeus. Cando a desaloxaron , os poucos medicamentos que a autoridade palestina consegue desapareceran , os baños estaban taponados por bolsas de plástico, as mesas rotas e as paredes e caixóns cheos de "merda"

Cando nos despedimos na súa casa, ademais de amosarnos un disparo efectuado polos francotiradores na clínica , engadiu que ademais desta, ocuparan tamén a terraza da súa casa , e que durante todo ese tempo non se atreveran a saír nin el nin a súa muller para protexer a súa nena pequena de oito anos.

Esto é o día a día do pobo palestino, que como todo o mundo sabe vencera , máis pronto que tarde.....

## MISIÓN DE PAZ EN PALESTINA

Domingo, 4 de agosto 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

### **KHAN YUNIS E O MAR INVISIBLE ( Domingo 4 de agosto)**

No noso primeiro día de actuación en Gaza visitamos as instalacións da Media lúa Vermella palestina, nun dos campamentos de refuxiados máis castigados da franxa de Gaza Khan Yunis, hai máis de duascentas mil persoas pechadas nunha extensión moi limitada de terreo, no que non queda espazo para nada máis que para a dignidade e o cemento, un grande caldo de cultivo para a resistencia islámica.

As instalacións aquí son impresionantes. Ademais de hospital, locais para actividades, teatro, piscina museo, etc.... está este complexo para recuperación dos minusválidos da primeira intifada, que ten un hotel que debería servir para financiar o impresionante proxecto, e que funcionaría como proxecto laboral de traballo para minusválidos. Digo debería, porque aínda que dá traballo a case cen persoas, case todas con deficiencias, e teñen que atender a preto de dúas mil persoas ao ano., a realidade da ocupación militar e o desmantelamento do aeroporto palestino de Gaza, impediu que este proxecto funcionase ó seu verdadeiro redendemento.

En todo momento respírase a tensión no ambiente, e a totalidade da xente comenta a inminencia dun bombardeo xudeu, sobre todo a partir da última resposta islámica á represión indiscriminada do exercito israelí.

Esa mesma noite podemos observar como, desde o posto militar que domina a cidade, durante un intervalo de case tres horas se efectuaban disparos na noite árabe, que parecían un surtido de foguetes de cor vermella que anunciaban unha macabra festa, a da ocupación militar.

Ao día seguinte podemos comprobar, xa coa luz do día, a existencia dunha torre desde a que un dispositivo controlado a distancia impide, con disparos de balas trazadoras, o achegamento de calquera obxecto ou ser vivi ós límites do campamento.

En Khan Yunis existe unha mar pantasma, unha mar que se sente, se cheira, se intúe, pero non se pode ver, e sobre todo non se pode vivir. Os Kibuds israelís e os Chekc points envolven a esta porción de humanidade esquecida polos tratados internacionais e as misións de Paz europeas, esa montaña de invernadoiros de plástico e metralla impiden incluso a visibilidade dese mar que anos antes dera alimento e protección ao pobo palestino.

A función foi emocionante, ao rematar os nenos invadiron o espazo e nos obrigaron a bailar en círculo unha danza tradicional, mentres cantaban cancións patrióticas. Máis tarde, xa na cidade de Gaza, no peche do campamento de Paz, os nenos de novo foron os protagonistas dunha festa que tiña máis de reivindicativo que de festivo.

Por iso, esta noite non deixamos de recordar as palabras do director do centro de Khan Yunis cando nos contaba como, con estupor e impotencia, o caso dos cinco irmáns que aínda non superaran a idade de dez anos, foran aniquilados camiño da escola polos disparos dun tanque israelí.

Parece que os xudeus de Israel aprenderon ben a lección da Alemaña Nazi, a pregunta é ata cando.



## MISIÓN DE PAZ EN PALESTINA

Luns, 5 de agosto 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

### ***A ESPERANZA PALESTINA VIAXA A LOMBOS DUNHA COMETA***

Desde que comezou esta segunda intifada, a invasión militar impediu a vida palestina, desde ir ao traballo, asistir ao médico ata simplemente mercar a comida, todo o relativo a unha vida normal volveuse un luxo, e ás veces un imposible, dependentes tan só do antollo das forzas de ocupación que combaten con tanques a unha poboación armada de razón e pedras.

Pero o que os militares non conseguen extirpar deste pobo valoroso son as ganas de rir e de falar, iso puidémolo constatar durante a nosa viaxe, na que nos sorprendemos cada día ante a capacidade que ten a xente palestina para facer broma incluso dos bombardeos, ou dos chekc point, e, sobre todo, o que máis nos conmove é a resposta de alegría e ilusión que demostran os nenos e as nenas, capaces de rir durante toda a actuación e logo cantar cancións sobre o conflito.

Ramallah, ao igual que centos de vilas palestinas engalánanse dunhas aves multicolor que simbolizan unha clara mensaxe a Sharon. Esta mensaxe está escrita por miles de mans infantís e di: "non nos renderemos". Coas cores da bandeira palestina ou con debuxos árabes dos futuros loitadores pola independencia, constrúen durante semanas as súas cometas, que se converten nunha nave, nunha ponte a que transitar, cara un futuro mellor.

Os nenos da intifada tamén precisan xogar, e soñar con novos mundos, voar por riba dos helicópteros e as aramadas, e dialogar entre eles, aínda cando os tanques non lles deixan baixar á rúa. Por iso, durante esta época de conflito e desgracia, os nenos palestinos burlan o toque de queda e fan dunha costume popular, cotada orixinalmente só ao mes de abril, unha arma máis eficaz que as bombas e seguen proxectado a esperanza e a ilusión da vida e da liberdade.

O vento guía a estas cometas cara o ceo, oxalá que a lóxica e os valores humanitarios guíen á comunidade internacional cara o fin dun conflito sanguinolento e inxusto.

Desde Gaza, e desde hoxe, un palestino máis, Iván prado.

Martes, 6 de agosto 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

### **A NOITE DO BOMBARDEO DO LUNS 5 DE AGOSTO EN GAZA**

Eran practicamente as dez da noite, nós estabamos recordando a impresionante actuación que tiveramos no campamento de refuxiados de Khan Yunis, a zona con maior densidade de poboación do mundo. Ese día a Media lúa vermella estaba de alerta máxima, convidáronnos a beber algo, aínda que xa que esperaban un máis que probable ataque nocturno israelí, os ánimos estaban subidos e o ambiente tenso, pero eles combatíanos con boas doses de humor.

Pouco antes de remata-la cea os tres conductores de ambulancia, membros da Media lúa comezaron a marchar, cando nos demos conta estábamos os intencionais sos na mesa. Non lle demos importancia ata que de súpeto unha xornalista francesa, Anne, apareceu coa faciana seria e indicounos nunha especie de novo idioma, o español-francés-inglés, que desaloxáramos inmediatamente o edificio.

Axiña soubemos porqué. Un inmenso ruído de motor de helicóptero posiblemente apache, indubidablemente israelí, invadiu todo o ceo e as correspondentes almas. Baixamos correndo as escaleiras dos cinco pisos para atoparnos un verdadeiro caos organizado. Toda a xente da Media lúa vermella estaba organizada ao redor dos tres edificios que compoñen o complexo médico social, que casualmente se atopa parello a central de policía da autoridade palestina na cidade de Gaza.

De seguida apareceron os nosos amigos montando as ambulancias, o son seguía por enriba de nós. Cando sentes todo ese poder militar enriba, cando non sabes que vai a pasar, e nin sequera podes ver a besta agazapada na noite, o terror é primeira invasión que sentes, pero cando comezas a ver a cor azul dos mísiles voando cara un punto preto na cidade, o sentimento de rabia supera o medo de non saber onde caerá o próximo.

Tres foron os disparos, un edificio desmantelado, tres feridos graves, dous leves, media cidade en alerta, e a paz burlada de novo polos amigos do poder e a destrución. Onte en Gaza non só houbo vítimas palestinas, toda a comunidade civil internacional foi atacada coa impunidade do terror de estado.

Foron só tres os disparos, pero, sobre todo, media hora de pánico xeneralizado, de incerteza e de medo social por non saber que pasaría, nós estabamos alí para vivilo, pero o pobo palestino víveo todos os días por estar aí, por estar nun territorio que ambiciona un estado militarizado e poderoso..

De camiño para a cama, despois de ver chegar de volta as ambulancias cos feridos dentro, recordábamnos a actuación da mañá no campo de refuxiados, en Jabalia na fronteira con West Bank, cando os nenos palestinos, para mitigar o estrondo das explosións que se sucederon xusto antes do noso espectáculo, comezaron a aplaudir e cantar, unha clara mostra do valor deste pobo que vive nas peores condicións de morte.

Cantos e palmas dos nenos, contra anques e morteros israelís, que certera metáfora do conflito árabe-xudeu.

---

## MISIÓN DE PAZ EN PALESTINA

Martes, 6 de agosto 2002

Testemuños Iván prado (Director do Festiclown e membro da expedición)

---

### **INTERVENCIÓN EN JABALIA ( Luns 5 de Agosto)**

Chegamos media hora tarde a Jabalia, coma sempre , unha colmea de nenos e nenas agardándonos, esta vez nun patio de colexio que contaba cun pequeno escenario de cemento, o mellor lugar para nós: co público preto e suficiente con espacio.

Comezamos a preparalo todo coa inestimable axuda do persoal do campamento de paz que se desfacían en esforzos por nos axudar, e cando xa estabamos cambiándonos no almacén que facía a veces de camerino, comezaron as explosións.

A resposta dos nenos non se fixo esperar, comezaron a tocar palmas e a cantar ao unísono, non se trataba dunha resposta nerviosa nin precipitaba, non, era toda unha demostración de poder, só o poder que teñen douscentos nenos combatendo con cantos aos morteiros israelís que estaban esnaquizando calquera parte da súa vila.

Nós estabamos impresionados vendo a imaxe dun feixe de rapaces con máis orgullo e valentía do que puidéramos imaxinar nunca , e daquela comprendemos porqué tiñamos que estar no medio deste conflito, non era só para divertir a uns nenos que teñen máis dereito que ninguén de poder ser infantís e divertirse durante unha hora, tampouco era só para demostrarlles que non estaban sos ante este xenocidio, estábamos con eles compartindo este momento, para ao voltar, contarlle a todo o mundo o esforzo verdadeiro e pleno que o pobo palestino está a facer para que poida existir unha paz xusta e verdadeira en Oriente próximo.

Acabamos a actuación, e, coma sempre, todos os nenos querían abrazarnos e saudarnos, pero ademais esta vez tiñan preparado un espectáculo de danzas tradicionais palestinas para agasallarnos , o que eles non sabían era que o mellor agasallo fora a súa demostración de fortaleza como comunidade